



INFORME DE PERFIL DO PEREGRINO

OBSERVATORIO DO CAMIÑO DE SANTIAGO
Informe anual 2009





Os resultados que a continuación se amosan corresponden á análise do perfil dos peregrinos que chegaron a Compostela durante o ano 2009. Enmárcanse, tal e como acontece desde finais de 2006, dentro da liña de traballo desenvolvida polo Observatorio do Camiño de Santiago¹, tendente a medir e caracterizar tanto o perfil como o comportamento dos peregrinos que percorren algún dos oito itinerarios principais: Camiño Francés, Primitivo, Norte, Portugués, Inglés, Vía da Prata, Ruta do mar de Arousa e río Ulla e Fisterra-Muxía.

A periodicidade deste traballo vai permitir non só definir os trazos característicos dos visitantes chegados durante 2009 – tal e como se viña facendo ata agora -, senón tamén comparar os resultados obtidos cós observados en anos anteriores (2007 e 2008) e poder detectar posibles cambios, así como as causas e medidas de actuación para a mellora do Camiño de Santiago en xeral.

¹ Proxecto multidisciplinar no que participan a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

A metodoloxía baséase na realización dunha enquisa, dirixida aos peregrinos que utilizaron algunha das citadas oito vías para chegar a Santiago no ano 2009. O cadro seguinte resume os datos técnicos máis relevantes:

TÁBOA 1: Ficha técnica da enquisa

Universo	Peregrinos chegados a Compostela
Ámbito xeográfico	Santiago de Compostela
Datas de realización	De xaneiro a decembro de 2009
Tamaño da poboación	Infinito
Tamaño da mostra	Mostra deseñada: 3.149 enquisas Mostra realizada: 3.052 enquisas
Procedemento da mostra	Dividido o tamaño por meses
Traballo de campo	Toma de datos realizado en dous puntos: Oficina de Peregrinos e Monte do Gozo
Erro mostral	Para un nivel de confianza de 95,5% e un erro estimado do 3,5%

O traballo de campo levouse a cabo na súa totalidade en dous puntos da cidade. A elección dos mesmos é debido a que son os que concentran un maior paso de peregrinos (sen ter en conta, por suposto, a Catedral).

O 19% das enquisas foron realizadas no Monte do Gozo, xa que é porta de entrada na cidade dos tres camiños que teñen unha maior afluencia, e incluso hai peregrinos dos outros que se desprazan ata este punto para aproveitar a oferta de aloxamento do albergue situado neste lugar. O 81% restante dos datos foron recollidos na Oficina do Peregrino, lugar ao que

chegan a maior parte dos peregrinos de calquera dos camiños, para recoller a Compostela².




GRÁFICO 1: Lugar de realización

A distribución temporal do número de enquisas, de igual xeito que se fixo en anos anteriores, establécese en función dos peregrinos que chegaron á Oficina do Peregrino nos mesmos meses durante o ano 2008. Ao establecer a cantidade de entrevistas a realizar, preténdese non só a representatividade anual da poboación, senón tamén trimestral. Tal e como podemos observar na táboa, hai unhas diferenzas notables da cantidade prevista e/ou realizada en función do mes ao que fagamos referencia. Así, no terceiro trimestre do ano – xullo, agosto e setembro – a porcentaxe de enquisas é moi superior á dos outros.

² Certificado que acredita ter realizado o Camiño de Santiago, por motivos relixiosos, cando menos os últimos 100 quilómetros a pé ou dacabalo, ou os últimos 200 quilómetros en caso de facelo en bicicleta.

TÁBOA 2: Distribución mensual de enquisas

Enquisas	# Previstas	# Realizadas
Xaneiro	30	19
Febreiro	50	40
Marzo	100	100
Abril	218	209
Maio	383	368
Xuño	380	377
Xullo	503	494
Agosto	713	695
Setembro	415	403
Outubro	237	230
Novembro	70	69
Decembro	50	48
TOTAL:	3.149	3.052

O presente informe analiza cada unha das variables que se estudan na enquisa, tratando de discernir posibles diferenzas de comportamento e/ou valoración segundo os distintos perfís con respecto á procedencia e ao camiño realizado. De forma complementaria realízase unha comparación dos resultados cós obtidos en anos anteriores, 2007 e 2008, nos casos en que sexa relevante.

INFORME

PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DOS PEREGRINOS

A caracterización dos peregrinos comeza polo análise das variables que fan referencia á procedencia, sexo, idade, nivel cultural, profesional e económico, é dicir, o perfil sociodemográfico.

Procedencia




GRÁFICO 2: Procedencia

Algo máis da metade dos peregrinos son españois (54,2%), sobre todo de Madrid (20,8%), Cataluña (15,7%), Andalucía (15,3%), Comunidade Valenciana (14%) e Castela e León (8,5%). Estas comunidades autónomas repártense as tres cuartas partes de todos os peregrinos que chegan a Santiago e que teñen a súa residencia habitual nalgún punto do estado español³.

³ Unha vez máis e como xa ocorrera nos informes anteriores (2007 e 2008), decidiuse eliminar da base de datos aos peregrinos que tiñan a súa residencia na comunidade autónoma galega por considerarse que estaban infrarrepresentados.

TÁBOA 3: Peregrinos por Comunidade Autónoma de residencia

CC.AA.	Porcentaxe
Madrid	20,8
Cataluña	15,7
Andalucía	15,3
Comunidade Valenciana	14,0
Castela e León	8,5
País Vasco	5,5
Resto España	20,2




GRÁFICO 3: Comunidades Autónomas con maior afluencia de peregrinos

En termos comparativos mantense a tendencia observada nos últimos dous anos das principais comunidades, así a Comunidade Autónoma de Madrid, continúa sendo a principal comunidade emisora. Andalucía, Cataluña, C. Valenciana, Castela e León e o País Vasco, séguenlle en orde de importancia, aínda que dependendo do ano poden aumentar ou diminuír na porcentaxe de peregrinos.

O 45,8% restante dos peregrinos son estranxeiros, fundamentalmente de Alemaña (23,8%), Francia (14,2%), Italia (10,9%), Estados Unidos (6,0%), Reino Unido (4,4%) e Canadá (3,5%). Este panorama non difire con respecto a

anos anteriores, polo que estes países consolídanse como principais mercados emisores.

TÁBOA 4: Peregrinos estranxeiros por países

País	Porcentaxe
Alemaña	23,8
Francia	14,2
Italia	10,9
Estados Unidos	6,0
Reino Unido	4,4
Canadá	3,5
Resto	37,2




GRÁFICO 4: Países con maior afluencia de peregrinos

As diferenzas en canto á procedencia dos peregrinos estranxeiros veñen dadas, non pola maior ou menor porcentaxe na afluencia de peregrinos dos países tradicionalmente emisores, senón polo aumento dos mesmos e sobre todo pola emerxencia e aumento de determinados países, como é o caso de Brasil, Dinamarca ou Corea, englobados no epígrafe 'resto'. Por outra parte, chama a atención que incluso cheguen peregrinos de países coma Moldavia ou Nova Zelandia.

Idade

O intervalo de idade entre os 50 e os 65 anos representa o grupo coa porcentaxe maior, aínda que non destaca dun xeito moi significativo. Poderíamos dicir que están representados todas as idades uniformemente, establecendo a media en 40 anos.

TÁBOA 5: Idade

Intervalo de idade	Porcentaxe
< 20 anos	9,7
20-29 anos	23,1
30-39 anos	19,9
40-49 anos	16,0
50-65 anos	25,3
> 65 anos	5,9

Estes resultados coinciden cos dos anos anteriores. Os menores de 20 anos e os maiores de 65, seguen sendo os que teñen unha menor representatividade. De todos os xeitos obsérvase un lixeiro aumento de visitantes en ambos casos, en detrimento –con respecto a 2008 - dos peregrinos cuxa idade se atopa entre os 40 e os 65 anos. Entre os 20 e os 39 anos non se observan diferenzas relevantes.

Sexo

A distribución porcentual de case 40 puntos para as mulleres e 60 para os homes, é algo que se repite anualmente, coincidindo cos resultados de 2007 e 2008.




GRÁFICO 5: Sexo

Esta superioridade de homes sobre mulleres, é un aspecto que se repite en todos os grupos de idade máis ou menos na mesma proporción, a excepción dos maiores de 65 anos en que esta diferenza é moito máis acusada (21,9% de mulleres fronte o 78,1% de homes). No tramo entre os 20 e 29 anos é no que o equilibrio entre sexos é maior.




GRÁFICO 6: Distribución por sexo e grupos de idade

Nivel de formación

No tocante ao nivel de estudos, ao igual que ocorría nos anos anteriores, a maioría das persoas que fan o Camiño de Santiago, teñen ou están a realizar estudos universitarios (54,0%). Aínda así, esta porcentaxe é inferior á acadada en 2008 (57,4%) e bastante máis baixa que en 2007 (62,2%).




GRÁFICO 7: Nivel de formación

É moi salientable que, o 30% posúen estudos de bacharelato ou formación profesional (ciclos formativos actualmente) e pola contra, os que non teñen estudos non chega ao 1%.

No apartado 'outros' fan referencia na maioría dos casos á realización de cursos complementarios (educación non regrada).

Situación socioprofesional

En relación á situación socioprofesional, algo máis da metade dos peregrinos posúen actualmente traballo (54,3%). O case outro 50% atópase

dividido entre as demais opcións: estudante (19,8%), xubilado (15,5%), parado (6,5%), ama de casa (2,1%) e outros (1,7%).




GRÁFICO 8: Situación socioprofesional

Con respecto aos anos anteriores, hai que destacar por un lado, un incremento na porcentaxe de estudantes que é proporcional ao aumento no número de mozos que realizaron algún dos camiños. Por outro lado, tamén é superior a cantidade porcentual de persoas que se atopan en paro, deste xeito atopamos valores do 3,5% en 2007, 5,0% en 2008, ata chegar ao 6,5% acadado neste 2009.

Dentro do grupo que se atopa nunha situación de alta laboral, e tal e como se pode observar no seguinte gráfico, son os traballadores por conta allea os que obteñen a porcentaxe máis elevada (40,8%), seguidos polos funcionarios (30,0%). O 29,2% restante está dividido entre os profesionais por conta propia (12,2%), directivos (9,4%) e empresarios (7,6%).




GRÁFICO 9: Ocupación profesional

Nivel de renda

Para analizar o intervalo de ingresos mensuais no que se sitúan os peregrinos, só se teñen en conta aqueles que se atopan traballando⁴, e se descarta aos xubilados e parados que perciben algún tipo de compensación económica (pensión, paro...), e incluso estudantes que reciben becas de estudos ou pagas mensuais por parte dos seus pais.

Poderíase afirmar que os peregrinos que chegan a Santiago teñen unha situación económica elevada. O intervalo cunha porcentaxe máis alta é o que fai referencia a un salario de máis de 2.000€ (31,0%). Unicamente o 16,5% cobra menos de 900€ ao mes. A porcentaxe restante repártese entre os que perciben entre 900 e 1.300€ (28,3%) e entre 1.300 e 2.000€ (24,3%).

⁴ Ao falar en termos económicos, hai unha gran predisposición a non responder, xa que consideran que é un tema moi persoal. Aínda que aquí non se utilizan para a análise dos datos, a porcentaxe dos xubilados ou prexubilados que contestan a esta pregunta é moito máis elevada que os traballadores en activo.




GRÁFICO 10: Nivel de renda

Dos resultados derivados de facer a distinción por procedencia do peregrino en función do intervalo de ingresos mensuais, pódense extraer unha serie de conclusións:

- A porcentaxe que cobra entre 600 e 900€ é sobre todo estranxeira.
- Hai un maior número de españois que perciben un salario entre 1300 e 2.000€.
- Os estranxeiros que teñen uns ingresos mensuais superiores aos 2.000€ supoñen o 33,2%, fronte aos españois que representan o 27,5%.
- As retribucións de menos de 600€ ou aquelas entre 900 e 1.300€ son similares entre españois e estranxeiros.




GRÁFICO 11: Nivel de renda segundo a procedencia

A REALIZACIÓN DO CAMIÑO

a) Preparación da viaxe

Motivo principal da viaxe

Un dos primeiros aspectos a analizar na enquisa, son os motivos polos que os peregrinos se deciden a emprender a viaxe. Esta cuestión é de opción múltiple, xa que na maioría dos casos son varias as razóns. A interrelación entre elas fai que moitas veces sexan incapaces de sinalar unha soa.

Tanto os motivos espirituais como os relixiosos son os argumentos que máis aducen os peregrinos para decidirse, cunha porcentaxe de 49,4% e 39,5%, respectivamente. De acordo ao exposto no parágrafo anterior, moitas persoas sinalan ambos aspectos, estiman que son inseparables ao entender que uns engloban aos outros, consideran os primeiros cunha finalidade espiritual e relixiosa.

O patrimonio, tanto natural (36,0%) como histórico-artístico (23,9%), e o deporte (20,8%) son as alternativas que lle seguen en distribución porcentual.

As restantes opcións: a diversión (19,2%), a cultura popular (14,6%) e o apartado 'outros' (9,0%), son as que acadan un peso menor pero aínda así son significativamente importantes. En moitos casos e debido, unha vez máis, ao carácter multirresposta desta pregunta, son sinaladas complementarias aos motivos que teñen unhas porcentaxes claramente superiores.




GRÁFICO 12: Motivo principal da realización do Camiño

En termos comparativos obsérvase que non existen variacións en relación ao peso que obteñen as distintas opcións, con respecto a anos anteriores. A orde de importancia mantense nos mesmos termos, sendo sempre os factores espirituais, os principais motivos que manifestan os peregrinos para realizar o Camiño de Santiago. A pesar disto, neste ano hai un lixeiro descenso na porcentaxe dos mesmos, que se podería corresponder có pequeno aumento que se produce nos motivos relixiosos⁵.

As diferenzas veñen marcadas pola distribución porcentual. Os resultados manifestan unha diminución do interese polo patrimonio histórico-artístico e a cultura popular. No outro extremo, obtense un aumento na diversión, o deporte e o patrimonio natural. Tanto no primeiro caso coma no segundo, advírtese o grao de mestura que hai entre as distintas alternativas.

Coñecemento do Camiño de Santiago

As principais vías polas que os peregrinos tiveron coñecemento do Camiño son fundamentalmente dúas. Por unha banda, a recomendación de familiares e amigos que xa o fixeran con anterioridade (62,0%), que pon de manifesto a importancia que ten a difusión de calquera tipo de información a

⁵ Lémbrese a dificultade que se mencionou de diferenciar entre motivos espirituais e motivos relixiosos.

través do 'boca a boca', e pola outra a experiencia propia (22,5%), ben porque esta non é a primeira vez en realizar a viaxe ou ben porque xa estiveran nalgunha ocasión en Santiago.

A terceira alternativa en orde de importancia é o apartado 'outros' (18,7%) que como xa se comentou en informes anteriores, fai referencia en gran parte a que non saben exactamente en que momento foron conscientes da existencia do Camiño ('de sempre') e á obra de Paulo Coelho, 'O peregrino a Compostela: diario de un mago', Editorial Planeta, Barcelona, 1997.

Case o 13% tivo coñecemento do Camiño de Santiago a través da internet. A menor incidencia tanto dos anuncios publicitarios (3,9%) coma do uso de folletos turísticos (3,7%) en relación a anos anteriores, fai que teñan un peso específico moi baixo. As restantes alternativas que teñen unha incidencia case nula e non amosan diferenzas cós resultados acadados en 2007 e 2008, son as feiras e exposicións (1,3%) e as axencias de viaxes (0,5%).




GRÁFICO 13: Medios de coñecemento do Camiño de Santiago

A distinción entre os visitantes por procedencia, non amosa resultados moi dispares. En ambos casos é a recomendación de familiares e amigos a principal vía que lles leva a coñecer a existencia da peregrinación a Compostela. As diferenzas veñen marcadas, no caso dos estranxeiros pola utilización de outras alternativas (23,5% fronte ao 14,7%) e polo maior uso da

internet (16,3% e 10,1%). Pola outra banda, os españois son os que máis se benefician da publicidade que se fai do Camiño a través de anuncios (5,6% estes e 1,8% aqueles) e da información que lle procuran os familiares e amigos (65,8% e 57,6%).

En relación ao itinerario escollido para chegar a Compostela, non hai disparidade á hora de utilizar os medios para coñecer o Camiño de Santiago, previamente á realización da viaxe. En todo caso poderíase falar dun menor uso da internet, entre aqueles que percorren a ruta francesa fronte os que elixen algunha das restantes alternativas.

Medios de información consultados

Este apartado complementa e amplía a información recollida no punto anterior, xa que centra a análise na utilización de medios publicitarios para a organización e realización desta viaxe exclusivamente, e non como coñecemento en xeral do Camiño de Santiago.

Neste sentido os medios de consulta máis empregados son a internet (72,3%) e as guías especializadas (45,2%), opcións que se veñen consolidando nos últimos anos como principais fontes de información.

Nun segundo nivel en orde de importancia estarían os folletos turísticos (13,3%), as reportaxes temáticas (13,1%) e 'outros' (10,6%). As restantes alternativas como as feiras e exposicións (2,4%) e os anuncios publicitarios (2,3%) teñen un uso significativamente menor.




GRÁFICO 14: Medios publicitarios consultados

Ao longo do tempo, o uso das distintas alternativas de busca de información previa á realización do camiño de Santiago mantense nos mesmos termos.

En canto á procedencia dos peregrinos, as diferenzas veñen marcadas basicamente en relación a:

- Orde de importancia das distintas opcións de consulta: mentres que os estranxeiros visualizan máis reportaxes temáticas e visitan máis feiras e exposicións, os españois ven máis anuncios publicitarios e folletos turísticos.
- Distribución porcentual: os estranxeiros obteñen puntuacións máis altas no uso de guías especializadas (55,3% fronte a 36,7%), reportaxes temáticas (17,4% e 9,6%) e 'outras' opcións (14,6% en oposición a 7,2%).

TÁBOA 6: Orde de importancia dos medios de consulta

	Españois	Estranxeiros
1º	Internet	Internet
2º	Guías especializadas	Guías especializadas
3º	Folletos turísticos	Reportaxes temáticas
4º	Reportaxes temáticas	Folletos turísticos

5º	Outros	Outros
6º	Anuncios publicitarios	Feiras e exposicións
7º	Feiras e exposicións	Anuncios publicitarios

En canto á vía elixida para a realización do Camiño, pódese concluír que non existen diferenzas significativas en relación aos medios publicitarios consultados.

Organización da viaxe

De acordo ao observado nos últimos anos, case o 90% dos peregrinos organizaron a viaxe pola súa conta, dos que o 23,4% utilizou a internet. Esta ferramenta, tanto para buscar información coma para realizar algún trámite, ten un uso máis estendido ano tras ano.

En contraposición a isto, atopámonos as opcións menos frecuentadas que son a organización a través de axencias de viaxe (1,5%) e a través de asociacións ou clubs (4,9%).

Gradualmente e con respecto a anos anteriores, obsérvase un aumento na porcentaxe da alternativa 'outros', na que a maioría que a sinalan veñen con amigos ou coa familia e é un dos membros, o encargado de organizar a viaxe para todos.




GRÁFICO 15: Organización do Camiño

A distinción por perfil de visitante en relación á procedencia amosa resultados semellantes entre españois e estranxeiros. Unicamente cabe destacar un maior consumo de axencias de viaxe por parte dos segundos (fundamentalmente para contratar algún medio de transporte ou aloxamento para chegar á localidade de inicio, así como para o regreso dende Santiago).

Preparación da ruta a Santiago

Antes de iniciar a viaxe, o 65,7% prepáranse dalgún xeito, ben sexa adestrándose fisicamente, mediante exercicios espirituais, organizando o equipo ou informándose. Este apartado amosa resultados moi semellantes nos últimos tres anos.

Agora ben, o adestramento físico é polo que se decantan a maior parte das persoas que realizan algún tipo de preparación (73,6%). No outro extremo atopamos a espiritual, seguida por unha cuarta parte dos mesmos. Tanto o equipo como a documentación, teñen una distribución porcentual semellante ao redor do 50%, en concreto o 51,5% e o 45,7%, respectivamente.




GRÁFICO 16: Preparación antes de iniciar a viaxe

En relación a períodos anteriores, obsérvase un aumento en todas as porcentaxes dos tipos de preparación, a excepción do aspecto espiritual que é o ano que obtén a puntuación máis baixa.

b) A peregrinación a Santiago

Camiños a Santiago

A ruta xacobeá está conformada por unha rede de camiños de peregrinación que comunica os lugares máis distantes de Europa coa tumba do Apóstolo⁶. O Camiño Francés continúa a ser, neste ano 2009, o percorrido máis utilizado para chegar a Compostela pola gran maioría dos visitantes (85,9%). O resto dos itinerarios teñen un peso específico menor, sendo o Camiño Norte (4,7%) e o Camiño Primitivo (3,2%) os que lle seguen en orde de importancia. Tanto o Camiño Portugués como a Vía da Prata obteñen unha porcentaxe do 2,9%. A pouca afluencia de peregrinos que percorren o Camiño Inglés fai que non chegue nin a alcanzar medio punto, en particular, 0,4%.

⁶ Tal e como se vén sinalando en informes anteriores, o Camiño Fisterra-Muxía considérase unha continuación dos Camiños que chegan a Compostela (ten o seu inicio na cidade), polo que non se ten en conta neste apartado.




GRÁFICO 17: Camiño percorrido

En termos comparativos, obsérvase que o Camiño Francés continúa despuntando con moita diferenza con respecto aos demais, sen variar considerablemente. Así mesmo, advírtese un cambio en relación aos outros camiños. Hai unha diminución tanto na porcentaxe do Camiño Norte como do Camiño Primitivo, que se traduce nun aumento do Camiño Portugués e da Vía da Prata.

Segundo o lugar de procedencia, obtéñense resultados moi similares para discorrer por un ou outro camiño. As diferenzas veñen dadas por unha maior cantidade de estranxeiros que percorren o camiño portugués - case o dobre dos españois - e pola contra unha maior afluencia de españois (4,3%) fronte aos estranxeiros (1,8%) polo camiño primitivo.

A gran diferenza entre o número de peregrinos que percorren a ruta francesa e o resto de itinerarios, é o que nos leva a distinguir entre as razóns polas que se decantan á hora de elixir a vía de peregrinación. Deste xeito e tal como se ven facendo ata agora, distinguiremos entre o francés e o resto dos camiños para analizar os argumentos da elección neste ano 2009.




GRÁFICO 18: Razóns da elección

Así, segundo datos obtidos da enquisa e como se pode suliñar a tenor do gráfico anterior, no caso do Camiño Francés, as principais razóns que lles levan aos peregrinos para decidirse, son que é o máis tradicional (47,0%) e acompañarse de amigos e/ou compañeiros (23,9%). No caso do conxunto de demais camiños, son a paisaxe (40,2%) e ‘outros’ (35,6%) os argumentos aos que recorren para xustificar a elección. Baixo este último epígrafe recóllense manifestacións como que non é a primeira vez que fan o Camiño e polo tanto querían probar un novo, ou que é debido á saturación da ruta francesa.

Polo que respecta ás opcións que fan referencia ás razóns culturais e a completar tramos, case non hai diferenza entre camiños. Un elemento que influíu moito menos na decisión foi o coñecemento do mesmo, aínda así, consolídase unha vez máis a superioridade do Camiño Francés.

En termos comparativos a situación mantense nos mesmos termos á observada en anos anteriores, por canto para o Camiño Francés os principais argumentos son que é o máis tradicional e facelo con amigos/compañeiros, e para o resto dos camiños, razóns culturais e a paisaxe.

Frecuencia de realización do Camiño

Neste apartado analízase en que medida esta é a primeira vez que o peregrino realiza o camiño ou se, polo contrario repite a viaxe. Este aspecto está directamente relacionado co grao de satisfacción, xa que volver a vivir a experiencia indica o agrado da primeira.

Algo máis das tres cuartas partes peregrinaron a Santiago por vez primeira neste ano 2009. Unicamente o 23,1% repite a viaxe.




GRÁFICO 19: Primeira vez en facer o Camiño

Con respecto ao ano 2008 hai un lixeiro aumento na porcentaxe dos que repiten a experiencia, así mentres que en 2009 é de 23,1%, o ano anterior era de 21,9%.

Este aspecto é analizado na enquisa dun xeito máis exhaustivo, distinguindo entre os que realizaron o camiño soamente unha vez máis, os que viaxaron entre dúas e cinco ocasións, e aqueles que decidiron peregrinar máis veces. Cabe destacar que máis da metade dos que repiten, sexa entre a segunda e quinta vez que o fan, e que o 13,7% xa percorrera algún dos

camiños de Santiago en máis de cinco ocasións. O 32,3% foi a segunda vez que fixo o camiño.




GRÁFICO 20: Frecuencia da realización do Camiño

Estas porcentaxes son, no caso dos que xa realizaran o camiño unha vez e os que o fixeron entre dúas e cinco, as mesmas ás obtidas en 2008. As diferenzas márcanas unha porcentaxe lixeiramente inferior dos que chegan a Compostela neste ano, que se traduce nun aumento dos que o fixeron en máis de cinco ocasións.

A análise por procedencia do peregrino reflicte pequenas diferenzas. Hai unha maior porcentaxe de estranxeiros que fan o camiño por primeira vez que españois, así, mentres que para estes supón o 74,1%, para aqueles o 80,3%.

Tal e como se pode extraer da enquisa, os resultados amosan que para o 76,9% esta é a primeira vez en facer o camiño. Da porcentaxe restante, distínguese entre os que repiten unha vez máis (7,4%), de dúas a cinco veces (12,5%) e aqueles que xa o fixeron en máis ocasións (3,2%).

A análise dos datos atendendo ao Camiño que se está a realizar, pon de manifesto que é superior o número de peregrinos que están a realizar o

Camiño Francés por primeira vez, que aquelas que optan por algún dos outros camiños á hora de iniciarse na peregrinación a Compostela. Distinguindo pola ruta elixida, obsérvase que os que repiten por algún camiño que non sexa o francés supoñen o dobre (39,2%) que os que o fan por esta (20,4%).




GRÁFICO 21: Repetición da viaxe por Camiños

Confrontando os resultados cós obtidos en anos anteriores, corrobórase esta diferenza na repetición da viaxe por Camiños, establecéndose o Camiño Francés como o preferido para peregrinar por vez primeiro e algún dos outros camiños para repetir a viaxe.

Lugar de inicio do Camiño

As localidades de inicio escollidas para comezar a viaxe a Compostela son moi dispares. Debemos ter en conta, por un lado os diversos camiños de peregrinación e polo outro a distancia a percorrer por cada un dos mesmos. Buscando un criterio de homoxeneidade, na enquisa distínguese entre os que elixiron unha localidade galega e aqueles que decidiron comezar a súa andaina fóra da comunidade autónoma de Galicia⁷.

⁷ En moitos casos os peregrinos comentan que a decisión de iniciar nun punto ou noutro é debido ao tempo do que dispoñen para facer o Camiño, tanto por motivos laborais como persoais.




GRÁFICO 22: Localidade galega de inicio

O 25,9% deciden unha localidade galega como punto de inicio do Camiño. Con respecto ao ano 2008, obsérvase un aumento da porcentaxe de visitantes que así o deciden (23,5% fronte ao 25,9%).

Segundo a procedencia dos mesmos, obtéñense resultados moi distintos, tal e como se pode apreciar no seguinte gráfico. Mentres que case o 40% dos españois decídense pola nosa comunidade autónoma como o punto de inicio na súa viaxe, no caso dos estranxeiros esta cifra redúcese ata un 12,2%.




GRÁFICO 23: Localidade de inicio segundo a procedencia

Como cabe esperar, os lugares coas porcentaxes máis elevadas como inicio do Camiño corresponden ao francés, ben sexa analizando unicamente o seu tramo galego ou no seu percorrido en xeral, fóra das nosas fronteiras.

Os puntos máis sinalados continúan a ser os mesmos que nos anos anteriores tanto en Galicia como fóra da comunidade autónoma. Polo que respecta aos primeiros, Sarria⁸ (16,0%) e O Cebreiro (4,8%). No outro caso, Saint Jean Pied de Port (14,6%), Roncesvalles (8,7%) e León (8,4%).

De acordo ao exposto en parágrafos anteriores e tal e como se pode observar no seguinte gráfico⁹, as localidades preferidas para iniciar a viaxe cara a Compostela corresponden á ruta francesa.

⁸ Localidade situada no Camiño Francés que dista a 100 quilómetros de Santiago (distancia mínima esixida para conseguir a Compostela).

⁹ As entradas cunha porcentaxe inferior ao 5% foron agrupadas baixo o epígrafe 'outros'.




GRÁFICO 24: Localidades de inicio

Excluindo o Camiño Francés, hai unha serie de localidades que destacan como punto de inicio nos outros camiños. Así sinalar Oviedo para comezar o Camiño Primitivo, Sevilla no caso da Vía da Prata, Irún para o Camiño Norte e Tui para percorrer o Portugués.

Medio de transporte a Galicia

O avión é o medio de transporte máis utilizado para os que deciden vir ata Galicia para comezar a súa viaxe (26,7%). Esta cifra supón un incremento no uso de este medio con respecto a 2007 e 2008, 16,6% e 22,2%, respectivamente. Este notable aumento está en función do detrimento que sofre o tren. Obsérvase periodicamente un forte descenso, pasando do 32,3% en 2007, 27,1% en 2008, ata chegar á porcentaxe actual de 25,2%.

Os outros transportes máis empregados son o autobús de liña regular (25,5%), o vehículo propio (22,1%) e o autobús contratado (11,0%). No caso dos autobuses mantéñense bastante invariables ao longo do tempo, a

utilización do coche propio é unha alternativa que se usa cada vez máis. Nunha posición moi inferior atopamos o automóbil de aluguer/taxi (1,7%).




GRÁFICO 25: Medio de transporte para vir ata Galicia

Esta cuestión é multirresposta, nalgúns casos os peregrinos que decidiron comezar a viaxe en Galicia empregaron máis dun medio de transporte para chegar. En concreto o 12,8% optou pola combinación de dous para trasladarse, xeralmente avión e autobús de liña regular ou ben avión e tren.

Modo de percorrer o Camiño

As opcións que se consideran válidas para percorrer o Camiño son: a pé, en bicicleta, dacabalo ou en cadeira de rodas. A gran maioría dos peregrinos optou por camiñar ata Compostela (92,5%) e o 7,3% escolleu a bicicleta. Tan só un 0,2% acompañouse do cabalo e unicamente se atopou unha persoa en cadeira de rodas¹⁰.

¹⁰ Gráficamente non aparece representado porque ao ser tan só unha persoa, a porcentaxe é tan baixa que non é significativa.




GRÁFICO 26: Modo de percorrer o Camiño

Polo que respecta á nacionalidade, os peregrinos españois que utilizan a bicicleta representan máis do dobre dos estranxeiros que se desprazan ata Compostela deste modo. Este maior número de visitantes españois son a diferenza porcentual en relación aos estranxeiros que se dirixen a pé cara a cidade do Apóstolo.

En termos anuais, obsérvase un aumento dos peregrinos que emprenden o camiño a pé, en detrimento dos que o fan en bicicleta.

Distancia media percorrida

Neste apartado é necesario, distinguir a distancia media percorrida segundo o modo de transporte empregado para percorrer o Camiño. Tal e como se pode apreciar na seguinte táboa, ao redor de 25 quilómetros é a distancia por día que avanzaban os que se desprazaban a pé ou en cadeira de rodas. Os que ían a caballo facían 45 quilómetros e os peregrinaban en bicicleta 73,5 quilómetros.

TÁBOA 7: Distancia media percorrida por día

A PÉ	EN BICICLETA	A CABALO	CADEIRA DE RODAS
25,1km	73,5km	45,0km	25,0km

Con respecto a 2007 e 2008, non se aprecian diferenzas significativas en relación aos quilómetros percorridos en cada unha das modalidades.

Compañía da viaxe

O Camiño en compañía dos amigos, seguido de facer a viaxe só, son as alternativas elixidas en maior porcentaxe polos peregrinos, 34,3% e 30,8%, respectivamente. A porcentaxe restante, que representa un terzo do total, está repartida fundamentalmente entre os que chegan acompañados da parella (14,7%), a familia (12,8%) ou en grupo organizado (6,3%). A decisión de viaxar con compañeiros de traballo non supón nin o 1%, en particular o 0,8%. O epígrafe 'outros' fai referencia practicamente en todos os casos á decisión de vir con algún animal de compañía, normalmente un can.




GRÁFICO 27: Compañía da viaxe

Con respecto a períodos anteriores non existen alteracións na orde de importancia á hora de elixir a compañía da viaxe. Mantéñense as alternativas

nos mesmos termos, non así as distribucións porcentuais. Cabe destacar un aumento dos que se decantan por peregrinar en compañía dos amigos ou en grupo organizado, e unha diminución dos que o fan en solitario ou en parella.

En función da procedencia dos peregrinos, obsérvanse grandes diferenzas, tal e como podemos ver no seguinte gráfico:

- Os peregrinos estranxeiros que viaxan en solitario, supoñen algo máis do dobre dos españois. Por outra banda, son os españois os que os dobran á hora de peregrinar con compañeiros de traballo.
- Os españois fronte aos estranxeiros mostran a preferencia de viaxar en compañía dos amigos ou a familia.
- Realizar o Camiño coa parella é a alternativa que amosa menos diferenzas en relación á nacionalidade.
- As dúas alternativas maioritarias (amigos e solitario) o son en ambos casos, se ben a orde de importancia varía. Mentres que para os españois primeiro son cós amigos e segundo en solitario, para os estranxeiros prefiren viaxar sos e a continuación con amigos.




GRÁFICO 28: Compañía da viaxe segundo a procedencia

En relación á ruta escollida, a pesar da distribución porcentual, as opcións de viaxar cós amigos ou en solitario continúan a ser as maioritarias, independentemente do itinerario.

Tipo de aloxamento

Neste apartado vaise a analizar o tipo de aloxamento utilizado polo peregrino pero unicamente no tramo galego, independentemente que comezaran a viaxe en Galicia ou en calquera outra localidade fóra da nosa Comunidade Autónoma.

A porcentaxe máis elevada é a acadada polos albergues públicos¹¹, en concreto 81,9%. Estes datos non difiren en gran medida do que acontecía en anos anteriores, sobre todo con respecto a 2008¹².

As outras dúas tipoloxías de aloxamento máis significativas en orde de importancia, son os albergues privados e/ou pensións (37,7%) e os hoteis (10,4%).

As restantes opcións son moi minoritarias, este é o caso das casas rurais (3,4%), cámping¹³ (1,5%) e casa de familiares e/ou amigos.




GRÁFICO 29: Tipo de aloxamento

¹¹ Rede de albergues da Xunta de Galicia, xestionados pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, nos que é necesario pagar unha cuota simbólica de 3€.

¹² No ano 2007 aínda existía a categoría de hostel, polo que a comparación dos datos non sería de todo exacta.

¹³ En moitos casos ao sinalar o aloxamento en cámping, fan referencia á acampada libre ao longo do percorrido, non ao uso desta categoría.

En termos comparativos, non hai case diferenzas en relación aos resultados obtidos no ano anterior, as porcentaxes son moi similares ás acadadas entón.

Como se pode supoñer, esta cuestión é de opción múltiple xa que ao longo do percorrido, os peregrinos poden utilizar distintos tipos de aloxamento. De acordo a isto, pódese distinguir entre os que usaron unicamente os albergues públicos, os que se serviron tan só de establecementos hoteleiros e os que optaron por unha combinación de ambos.




GRÁFICO 30: Combinación de aloxamento

Algo máis da metade dos peregrinos unicamente utilizaron a rede de albergues públicos para pasar as noites ao longo de todo Camiño. O 18,0% utilizou só algún tipo de establecemento hoteleiro – neste caso non se fai distinción entre hotel, pensión, albergue privado ou casa rural – e case o 30% elixiu a combinación de algún deles con albergue público.

Existen moitas diferenzas anuais, non tanto con respecto ao ano 2008 en que os resultados son similares, pero si en relación a 2007 no que o uso

exclusivo dos albergues públicos era algo máis da metade do actual (28,4%) e a combinación con establecementos hoteleiros era do dobre (60,1%). A porcentaxe da utilización unicamente de establecementos pasou do 11,7% ao 18,0%.

Polo que respecta á procedencia, advírtese unha superioridade na utilización dos establecementos hoteleiros por parte dos españois, así como un maior uso dos albergues exclusivamente por parte dos estranxeiros. Na opción combinada case non hai diferenzas en función da nacionalidade.




GRÁFICO 31: Combinación de aloxamento segundo a procedencia

Gasto realizado

O gasto medio realizado por persoa e día foi de 26,7€. Esta cantidade é superior á do ano 2008 (25,9€) e lixeiramente inferior á de 2007 (27,0€). Non se observa por tanto unha variación do gasto medio significativa neste ano 2009 ao longo do Camiño de Santiago.

Esta variable está dividida por conceptos: aloxamento, hostalería (almozos, comidas e ceas), desprazamentos (taxi, aluguer de vehículos, aparcamento), compra de regalos e recordos, e outros. Decidiuse analizar unicamente o aloxamento e a hostalería porque a representatividade dos outros non é moi elevada. As cantidades, que aparecen reflectidas na seguinte táboa, son de 8,6€ para o primeiro e 16,4% para o segundo.

Comparativamente obtemos os mesmos resultados que no parágrafo anterior ao falar do gasto medio xeral, un aumento respecto do ano pasado e unha diminución en relación a 2007.

TÁBOA 8: Gasto medio diario

ALOXAMENTO	RESTAURACIÓN	GASTO TOTAL
8,6€	16,4€	26,7€

Se se distingue o gasto realizado por españois e estranxeiros, obsérvase unha diferenza de 3,1€ dos primeiros no que a gasto total se refire. Atendendo a anos anteriores, as cantidades dos españois tamén son superiores, cunha cantidade maior de 2,2€ en 2008 e de 6,5€ en 2007.




GRÁFICO 32: Gasto medio segundo a procedencia

Distinguindo o gasto dos peregrinos segundo o camiño percorrido, e observando os datos recollidos na seguinte táboa, as cifras oscilan considerablemente. Así, entre o camiño no que máis se gasta e o que menos hai 10€ de diferenza. Por un lado atopamos o Camiño Inglés (32,5€) e a Vía da Prata (30,2€) que son nos que as cantidades son superiores, e polo outro o Camiño Norte (22,0€) e o Portugués (23,3€) nos que o percorrido é máis barato. Entre eles están o Francés (27,0€) e o Primitivo (26,8€), nos que o gasto medio é moi similar.

TÁBOA 9: Gasto medio diario segundo o Camiño

CAMIÑOS	EUROS
Camiño Francés	27,0€
Camiño Inglés	32,5€
Camiño Norte	22,0€
Camiño Primitivo	26,8€
Camiño Portugués	23,3€
Vía da Prata	30,2€

Polo que respecta á idade, o intervalo de máis de 65 anos son os que gastan máis (31,9€). Esta cifra é moi superior á de períodos anteriores, nos que o gasto medio máis elevado en 2007 era para os que tiñan entre 50 e 65 anos, e en 2008 para os que se atopaban na franxa que vai dos 40 aos 49 anos. Neste caso, as cifras de gasto medio por persoa e día van aumentando a medida que aumenta o grupo de idade.




GRÁFICO 33: Gasto medio segundo a idade

Para analizar o gasto dos peregrinos en función do intervalo de ingresos, seleccionábase unicamente da mostra, aqueles que se atopan actualmente nunha situación de alta laboral, tal e como se fixera para calcular a variable que fai referencia á situación económica dos mesmos. Igual que acontecía en períodos anteriores, o gasto medio dos peregrinos é directamente proporcional aos seus ingresos mensuais. A medida que aumentan os salarios tamén aumenta a cantidade media gastada por persoa e día. Os que cobran ao mes máis de

2.000€ son os que máis gastan un total de 32,9€, e os que gañan menos de 600€, 21,1€.




GRÁFICO 34 Gasto medio segundo o intervalo de ingresos

A análise do gasto medio por persoa e día en función do aloxamento, pon de manifesto que é este concepto un gran determinante na oscilación desta cifra. As persoas que pernoctan unicamente na rede de albergues da Xunta de Galicia, son os que gastan menos, 22,5€. Os que elixen algún dos distintos establecementos hoteleiros para durmir, teñen a cantidade máis alta, 39,1€. Os que optan pola combinación de ambos, atópanse entre as dúas cantidades con 27,3€.




GRÁFICO 35: Gasto medio segundo o aloxamento

c) Chegada á meta: Santiago de Compostela

Estadía na cidade de Santiago

Unha vez que chegan a Santiago, máis das tres cuartas partes dos peregrinos, pernoctan cando menos unha noite na cidade. A porcentaxe dos que marchan o mesmo día no que chegan é de 17,1%. Esta cifra é superior á alcanzada o ano anterior (14,3%) e lixeiramente inferior á de 2007 (18,0%).

Atendendo á procedencia dos visitantes, o número de noites que pasan en Compostela os españois e os estranxeiros varía considerablemente. Así mentres que o 26,8% dos primeiros non pernoctan na cidade, no caso dos estranxeiros unicamente un 5,7%.

En termos globais, e en base aos datos extraídos da enquisa, a estadía media do peregrino na cidade de Santiago é de unha noite e media, cifra lixeiramente inferior a períodos anteriores.

TÁBOA 10: Noites en Compostela

Duración	Porcentaxe
Unha	45,2
Dúas ou tres	50,3
Catro ou máis	4,5

Dos peregrinos que deciden pasar algunha noite na cidade, o 52,1% son estranxeiros e o 47,9% españois. Algo máis da metade decide quedarse entre dúas e tres noites, en concreto o 50,3%, e o 45,2% pernocta unha soa. O 4,5% permanece na cidade cando menos catro noites.

Comparativamente có ano anterior, aumenta o número de peregrinos que están unha noite, pero sen embargo, diminúen os que permanecen máis tempo.

Estadía en Galicia

Excluindo a cidade de Santiago, case o 50% dos peregrinos deciden quedarse en terras galegas unha vez que chegan a Compostela, ben porque continúan a viaxe ata Fisterra-Muxía, ben porque queren facer turismo. A estancia media é de 2,1 noites, estancia que aumenta progresivamente con respecto a anos anteriores.

Tal e como se pode observar no seguinte gráfico, os peregrinos que pasan dúas ou tres noites son os que teñen as porcentaxes máis elevadas (8,1% e 8,8%, respectivamente) e a continuación os que pernoctan unha noite (7,8%). Case o 12% dos peregrinos que chegan a Compostela, deciden quedarse seis ou máis noites.




GRÁFICO 36: Noites en Galicia

Rituais

Despois de chegar a Santiago, os peregrinos diríxense á Catedral. O 85,0% realizan unha serie de rituais. A porcentaxe máis elevada constitúena aqueles que deciden oír misa (87,7%). Séguelle os que van a abrazar ao Santo no Altar Maior (72,1%) e a visita da arca do Apóstolo na cripta (63,7%). Confesarse e comungar é o ritual que menos xente realiza (27,9%).




GRÁFICO 37: Rituais propios do peregrino

Tradicionalmente, realizábanse outros dous rituais cun carácter máis profano. Na actualidade están cercados, e aínda que se poden admirar non hai forma de achegarse a eles. Estes consistían en:

- Pousar a man na columna do parteluz: Durante séculos os peregrinos pasaban a man e foron desgastando o mármore ata deixar os asucos coa forma dos cinco dedos. Debíase pousar a man nas marcas e solicitar as cinco grazas ou desexos.
- A escultura en pedra que se atopa detrás desta columna, corresponde ao Mestre Mateo, autor do Pórtico da Gloria, coñecido popularmente como o Santo dos Croques. Quen golpeaba a fronte tres veces sobre a cabeza da figura, obtiña sabedoría e prudencia.

Con respecto á procedencia dos peregrinos, non son moi acusadas as diferenzas porcentuais entre uns e outros. Así mentres que o 87,6% dos españois realizan algún dos rituais, no caso dos estranxeiros fano o 81,6%.

Recollida e significado da Compostela

Tal e como comentamos no capítulo dedicado á metodoloxía do traballo, a Compostela é o certificado que acredita realizar o Camiño. Este documento,

no momento de tomar os datos, fora recollido ou tiña pensado facelo o 84,8% dos peregrinos. O 4,1% non o ía recoller e unha porcentaxe bastante considerable (11,1%) aínda non o tiña claro.




GRÁFICO 38: Recollida da Compostela

En termos comparativos, obsérvase con respecto ao ano anterior, un aumento no número de peregrinos que deciden ir a Oficina do peregrino a recoller a Compostela, ao tempo que hai unha diminución dos que non o van facer. Aínda que podería parecer que un e consecuencia do outro, o factor determinante constitúeno os que teñen dúbidas. En 2008 a porcentaxe dos que non sabían ou non contestaban era máis elevada que a actual.

Polo que respecta á procedencia, os resultados non amosan diferenzas moi significativas, se ben unha porcentaxe algo maior de españois (96,9%) que recollen a Compostela fronte aos estranxeiros (93,5%).

Independentemente de que recollan ou non a Compostela, a cuestión relativa ao coñecemento do significado da mesma, pon de manifesto que hai unha porcentaxe de peregrinos que a recollen sen saber que representa. Unha quinta parte non sabe que simboliza e as outras partes afirman sabelo. Isto podería suxerir que para algúns, a recollida da Compostela supón un máis dos rituais propios dos peregrinos.




GRÁFICO 39: Significado da Compostela

Con respecto ao ano anterior, estes resultados mantéñense nos mesmos termos.

Medio de transporte de regreso

Case o 50% dos peregrinos utilizan o avión para regresar ao seu lugar de residencia habitual. A outra metade está repartida entre os usuarios do tren (23,4%), os que empregan autobuses de liña regular (20,4%), os que se serven de coche propio (11,7%) e en menor medida, un 4,6% o autobús contratado (fundamentalmente grupos) e o 2,0% automóbil de aluguer ou taxi.

Esta cuestión é de múltiple resposta, xa que en determinados casos optan pola combinación de cando menos dous medios de transporte, fundamentalmente avión con autobús ou tren.




GRÁFICO 40: Medio de transporte para regresar

Con respecto a períodos anteriores, aínda que varíen as porcentaxes, a orde de preferencia en relación ao medio de transporte empregado non varía.

Atendendo á procedencia dos peregrinos, existen diferenzas moi significativas, en relación ao medio de transporte utilizado para regresar á súa lugar de orixe. Así podemos establecer que:

- Mentres que os estranxeiros sérvense maioritariamente do avión nun 69,6%, os españois atópanse repartidos entre os principais medios empregados, 29,4% o avión, 27,2% o tren, 23,9% o autobús de liña regular e 18,5% o coche propio.
- Aínda que as porcentaxes entre uns e outros son moi distintas, a preferencia no uso dos distintos medios é a mesma, sendo o avión o máis seleccionado e o aluguer de coche o menos.
- O medio no que hai máis diferenzas no uso é o vehículo propio e o no que menos o autobús contratado.




GRÁFICO 41: Medio de transporte segundo a procedencia

Camiño de Fisterra-Muxía

Como xa se comentou ao falar dos Camiños a Santiago, Fisterra-Muxía é o octavo itinerario de peregrinación a Compostela. Aínda que non está recoñecido pola Oficina do Peregrino, por non consideralo relixioso, é o segundo camiño máis importante despois do francés en canto ao volume de peregrinos se refire. Case o 30%, unha vez que chegan a Compostela, continúan a súa viaxe cara Fisterra e/ou Muxía.




GRÁFICO 42: Continuación ata Fisterra-Muxía

Aínda que a cantidade de peregrinos que continúan é moi considerable, hai unha lixeira diminución da porcentaxe con respecto a anos anteriores, 32,8% en 2007 e 32,5% en 2008.

Polo que respecta á nacionalidade dos peregrinos, os resultados amosan unha maior preferencia dos estranxeiros en relación a esta ruta. Case o 50% dos mesmos continúan por este itinerario, fronte aos 13,2% dos españois.

Atendendo á vía utilizada para chegar a Santiago, e distinguindo entre o Camiño Francés e o resto, a porcentaxe do primeiro é bastante superior aos outros. Mentres que o 30,8% dos que realizan a ruta francesa teñen pensado continuar ata Fisterra-Muxía, no conxunto dos outros camiños o estiman o 22,7%.

VALORACIÓN DA SATISFACCIÓN

Neste apartado analízanse unha serie de variables que miden o grao de satisfacción dos peregrinos e a valoración que fan de distintos elementos do Camiño.

Consideración do Camiño de Santiago

O 84,5% dos peregrinos consideran o Camiño de Santiago un destino turístico atractivo e de interese. Esta porcentaxe é moi similar ás acadadas en anos anteriores. No outro lado case un 8% opina o contrario, e gran parte deles estiman que, 'non é turístico senón relixioso'.




GRÁFICO 43: Camiño de Santiago como destino turístico de interese

Por perfil do peregrino segundo a súa nacionalidade, hai poucas diferenzas porcentuais. A valoración é moi elevada en ambos casos, 87,5% os españois e 80,9% os estranxeiros.

Polo que respecta ao camiño percorrido, séguese na mesma liña, independentemente da ruta escollida para chegar a Santiago, os resultados

amosan que ao redor do 85% valoran moi positivamente a consideración do Camiño como un gran destino turístico.

Recomendación do Camiño de Santiago

A recomendación de percorrer o Camiño indica se gustou a viaxe e se a súa experiencia foi agradable, polo que tamén é unha medida indirecta da satisfacción.

Polos resultados extraídos da enquisa, o 93,5% dos peregrinos afirma que recomendaría realizar o Camiño de Santiago a outras persoas. Esta resposta mantense nos mesmos termos que en anos anteriores. No extremo oposto están os que amosan unha tendencia negativa na medición do grao de satisfacción e que supoñen tan só o 1,8% dos enquisados.




GRÁFICO 44: Recomendación da viaxe

Entre os españois e os estranxeiros non se aprecian diferenzas substanciais. En ambos casos máis do 90% recomendarían a outras persoas facer o Camiño de Santiago.

Repetición da experiencia

A intención sobre a repetición da viaxe é unha cuestión que aporta valor á análise do grao de satisfacción dos peregrinos. Neste sentido o 79,8% considera que repetiría a viaxe (un 43,4% con seguridade e un 36,4% con certa probabilidade), porcentaxes moi similares á de anos anteriores. No outro extremo un 15,1% considera que non ten intención de repetir a viaxe.




GRÁFICO 45: Repetición da viaxe

A distinción segundo a procedencia dos peregrinos mostra porcentaxes dispares, sobre todo no que atinxe á repetición con toda seguridade do camiño (54,1% os españois e 30,6% os estranxeiros) e á probabilidade de non volver a facer a viaxe (no primeiro caso 6,4% e no segundo, 20,4%). Por tanto, son os españois os que amosan unha maior intención de volver a percorrer algún dos Camiños que leva a Santiago.




GRÁFICO 46: Repetición da viaxe segundo a procedencia

Valoración global das expectativas

A valoración media que os peregrinos teñen sobre o grao de cumprimento das expectativas que tiñan antes de emprender a viaxe, denota a satisfacción dos mesmos ao obter un 8,3 sobre 10. Esta cifra permanece invariable con respecto ao ano anterior.

Tomando en consideración a procedencia daqueles, obsérvase que non hai diferenzas, nin entre españois e estranxeiros, nin coa puntuación obtida globalmente (8,3).

Atendendo ao Camiño escollido, os datos amosan os mesmos resultados que para o segmento anterior. O valor das expectativas é de 8,3, independentemente que se percorrera o Camiño francés ou calquera dos outros camiños.

Valoración dos albergues

Como xa comentamos no apartado referido ao aloxamento, o 81,9% dos peregrinos utilizan os albergues da rede da Xunta de Galicia. Para analizar o grao de satisfacción en relación aos mesmos, na enquisa solicítaselle que

avalíen entre 1 (moi mal) e 10 (moi ben) unha serie de aspectos vinculados aos mesmos.

TÁBOA 11: Valoración media dos albergues públicos

Ámbitos de valoración	Valoración media
Confort/ comodidade	6,6
Servizo e atención do persoal	6,8
Limpeza e hixiene do establecemento	6,6
Aparcamentos para bicicletas	6,4
Espazos reservados para cabalos ¹⁴	5,2
Pago dunha cota simbólica	8,1
<i>*1: Moi mal; 10: Moi ben</i>	

A cota de tres euros que se cobra por pernoctar nos albergues públicos, que inclúe o uso das instalacións do mesmo e sabas de usar e tirar, é o aspecto mellor valorado (8,1).

A comodidade e a limpeza e hixiene do establecemento acadan a mesma puntuación, 6,6. Algo máis o servizo e atención do persoal, 6,8.

En termos comparativos non hai diferenzas con respecto ao ano 2008.

Valoración de elementos do Camiño

A tenor das puntuacións acadadas, a valoración dos distintos elementos do Camiño indica o grao de satisfacción dos peregrinos. Tal e como se pode apreciar na seguinte táboa, a estimación xeral do Camiño é moi positiva. Todos os elementos teñen unha puntuación media entre 6 e 8. Con respecto a anos anteriores, estas circunstancias continúan nos mesmos termos, se ben o que se observa é incluso unha pequena mellora.

Táboa 12: Valoración media de elementos do Camiño

¹⁴ Tanto esta cuestión (espazos reservados para cabalos) como a anterior (aparcamento para bicicletas), teñen unha porcentaxe de non resposta moi elevada. A maioría non ten necesidade de utilizar estes servizos e polo tanto non lles prestan atención. A representatividade dos datos, por tanto, está diminuída.

Elementos do Camiño	Valoración
Hospitalidade da poboación local	7,9
Sensación de seguridade	7,9
Contorno natural e paisaxístico	7,9
Sinalización da ruta	7,6
Conservación do patrimonio histórico	7,3
Restauración e gastronomía	7,2
Sinalización dos lugares de interese	6,9
Oferta de aloxamento	6,9
Estado das fontes	6,7
Limpeza dos treitos	6,4
Oferta comercial	6,3
Oficinas de información	6,3
Oferta cultural e de espectáculos	6,1
Avaliación global	7,6
<i>*1: Moi mal; 10: Moi ben</i>	

Os aspectos mellor valorados son a hospitalidade da poboación local (7,9), a sensación de seguridade (7,9), o contorno natural e paisaxístico (7,9), a sinalización da ruta (7,6), a conservación do patrimonio histórico (7,3) e a restauración e a gastronomía (7,2).




GRÁFICO 47: Aspectos mellor valorados

En contraposición, os aspectos peor valorados (como xa se comentou esta valoración é elevada) son a oferta cultural e espectáculos (6,1), as oficinas de información (6,3), a oferta comercial (6,3), limpeza dos treitos (6,4), estado das fontes (6,7), oferta de aloxamento (6,9) e sinalización dos lugares de interese (6,9).




GRÁFICO 48: Aspectos peor valorados

Polo tanto, o elemento do Camiño peor valorado é a oferta cultural e espectáculos e o mellor, atópase dividido entre o contorno natural e paisaxístico, a sensación de seguridade e a hospitalidade e amabilidade da poboación local.

En conxunto, a valoración global que fan do Camiño, é de 7,6. Esta puntuación mantense máis ou menos nos mesmos termos con respecto a períodos anteriores, 7,5 en 2007 e 7,7 en 2008. Distinguindo entre o francés e os outros camiños, a cifra alcanzada non varía, segue sendo 7,6.

CONCLUSIONES

A principal liña de investigación do Observatorio do Camiño dende que xurdiu en 2006 foi a análise dos peregrinos que realiza o Camiño de Santiago. O informe que aquí se presenta, permite non só analizar o perfil e comportamento dos mesmos durante 2009, senón tamén comparar as distintas variables analizadas nos traballos correspondentes ao anos 2007 e 2008.

O perfil sociodemográfico caracteriza as variables que fan referencia á procedencia, sexo, idade e niveis cultural, profesional e económico. En 2009, polo que respecta á procedencia, obsérvase unha maior porcentaxe de españois (54,2%) fronte aos estranxeiros (45,8%). A idade media é de 40 anos e o grupo de idade máis representado é o que comprende entre os 50 e os 65 anos. En canto ao sexo, a proporción distribúese entre o 60,8% para os homes e o 39,2% para as mulleres. Atendendo ao nivel educativo, o 54,0% teñen estudos universitarios e o 30,1% bacharelato ou formación profesional. Atópanse en situación de alta laboral o 54,3% e os ingresos mensuais do 31,0% dos peregrinos que están traballando, é superior a 2.000€.

En termos comparativos, estes resultados son moi similares aos obtidos nos anos anteriores, a excepción da nacionalidade con respecto a 2008, en que había unha superioridade estranxeira.

As principais razóns que sinalan os peregrinos para decidirse a realizar o Camiño de Santiago, continúan a ser os motivos espirituais e os relixiosos, como en 2007 e 2008. En moitos casos considéranse indisolubles, ao formar os segundos parte dos primeiros. O patrimonio, tanto natural como histórico-artístico, séguelle en orde de importancia.

A ruta francesa repite despuntando maioritariamente sobre os outros itinerarios, cunha porcentaxe de 85,9%. A porcentaxe restante está repartida entre o Camiño Norte, Primitivo, Inglés e Portugués. Case o 30% dos peregrinos que chegan a Santiago, continúan a súa viaxe polo Camiño Fisterra-Muxía.

Tal e como ocorrera en períodos anteriores, elixen sobre todo peregrinar sos ou en compañía de amigos. Desde que entran en terras galegas ata que chegan á cidade do Apóstolo, prefiren maioritariamente para pasar as noites, a rede de albergues públicos da Xunta de Galicia. Preto do 85,0% opta por recoller a Compostela.

As tres cuartas partes dos peregrinos permanecen cando menos unha noite na cidade antes de regresar ao seu lugar de orixe. Para a viaxe de retorno, empregan maioritariamente como medio de transporte o avión, como xa acontecera en 2007 e 2008.

O grao de satisfacción, con respecto ao Camiño de Santiago, queda demostrado pola elevada porcentaxe de xente que repetiría e recomendaría experimentar esta aventura. A valoración global do mesmo é de 7,6, e as expectativas que tiñan antes de emprender a ruta, cumpríronse nun 8,3 sobre 10. Tomando como referencia as cifras correspondentes aos dous anos anteriores, obsérvase a estabilidade dos resultados.

ANEXO:

Evolución do perfil do peregrino (Anos 2007, 2008 e 2009)

PERFIL SOCIODEMOGRAFICO	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
Sexo			
Home	60,4	58,2	60,8
Muller	39,6	41,8	39,2
Procedencia			
Españois	54,8	45,0	54,2
Estranxeiros	45,2	55,0	45,8
Idade			
Menos de 20 anos	7,0	6,8	9,7
De 20 a 29 anos	23,9	21,8	23,1
De 30 a 39 anos	20,6	19,4	19,9
De 40 a 49 anos	17,2	18,1	16,0
De 50 a 65 anos	23,6	29,6	25,3
Máis de 65 anos	6,1	4,3	5,9
Nivel de estudos			
Sen estudos	1,1	1,4	0,8
Ensino obrigatorio (EXB-ESO)	7,9	9,1	13,0
Bacharelato ou FP	27,1	30,4	30,1
Universitarios	62,2	57,4	54,0
Outros	1,7	1,7	2,1
Situación actual			
Estudante	17,3	15,8	19,8
Ama de casa	2,7	2,3	2,1
Parado	3,5	5,0	6,5
Xubilado	12,9	16,3	15,5
Traballa	61,9	58,5	54,3
Outros	1,6	2,1	1,7
Nivel de renda (€)			
Menos de 600	13,0	3,4	9,5
Entre 600 e 900	8,8	7,4	7,0
Entre 900 e 1300	19,0	20,2	28,3
Entre 1300 e 2000	31,4	34,9	24,3
Máis de 2000	27,9	34,1	31,0

PREPARACIÓN DA VIAXE	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
-----------------------------	----------------------------------------	----------------------------------------	----------------------------------------

Motivo principal da realización do Camiño

Patrimonio hco-artístico	25,8	25,0	23,9
Patrimonio natural	39,3	33,7	36,0
Motivos espirituais	50,3	53,1	49,4
Motivos relixiosos	38,1	38,3	39,5
Cultura popular	16,2	15,7	14,6
Deporte	22,8	19,8	20,8
Diversión	17,1	14,8	19,2
Outros	7,2	8,0	9,0

Medios de coñecemento do Camiño

A través de familiares	63,8	59,6	62,0
A través dunha axencia de viaxes	0,1	0,6	0,5
Experiencia propia	25,0	23,8	22,5
Folletos turísticos	4,7	4,4	3,7
Anuncios publicitarios	6,0	4,6	3,9
Feiras e exposicións	1,3	1,1	1,3
Internet	11,3	14,9	12,9
Outros	13,3	18,1	18,7

Medio publicitarios e de información consultados

Folletos turísticos	17,3	12,3	13,3
Anuncios publicitarios	3,3	2,5	2,3
Feiras e exposicións	2,6	2,3	2,4
Internet	69,4	72,8	72,3
Guías especializadas	51,5	45,7	45,2
Reportaxes temáticas	12,8	11,8	13,1
Outros	7,6	10,6	10,6

Organización do Camiño

Pola miña conta	71,9	68,4	63,6
Pola miña conta a través de internet	19,2	21,3	23,4
A través de Axencia de Viaxes	1,0	1,2	1,5
A través dunha Asociación ou Club	5,2	4,0	4,9
Outros	2,7	5,2	6,5

Preparación antes de iniciar viaxe

Si	66,6	66,2	65,7
Non	33,4	33,8	34,3

De que tipo?

Preparación física	72,3	70,8	73,6
Preparación espiritual	27,2	30,2	26,8
Equipamento	48,8	50,0	51,5
Documentación	50,5	51,0	45,7

A PEREGRINACIÓN A SANTIAGO	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
----------------------------	-------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Camiño percorrido

Camiño Francés	83,3	85	85,9
Camiño Inglés	0,8	0,4	0,4
Camiño Norte	5,4	5,8	4,7
Camiño Primitivo	6,1	4,5	3,2
Camiño Fisterra-Muxía	0,2	0,2	-
Camiño do Mar de Arousa	-	-	-
Camiño Portugués	1,6	1,6	2,9
Camiño da Vía da Prata	2,7	2,5	2,9

Frecuencia de realización do Camiño

Primeira vez	73,2	78,1	76,9
Só unha vez máis	8,7	7,4	7,4
De 2 a 5	14,6	12,3	12,5
Máis de cinco	3,5	2,2	3,2

Localidade de inicio do Camiño

Galicia	26,8	23,5	25,9
Fóra de Galicia	73,2	76,5	74,1

Se inicia en Galicia, como chegou á nosa comunidade

Autobús de liña regular	22,3	27,7	25,5
Autobús contratado	7,0	11,8	11,0
Tren	32,3	27,1	25,2
Avión	16,6	22,2	26,7
Vehículo propio	19,8	20,5	22,1
Automóbil de aluguer / Taxi	1,5	3,5	1,7
Bicicleta	-	-	-
Outros	0,5	0,5	0,4

Modo de percorrer o Camiño

A Pé	89,3	90,8	92,5
Bicicleta	10,7	9,0	7,3
A Cabalo	-	0,1	0,2
Cadeira de rodas	-	-	1 persoa

Compañía da viaxe

Só	33,0	33,2	30,8
En parella	17,5	15,1	14,7
Coa familia	10,8	11,0	12,8
Con amigos	33,7	33,6	34,3
En grupo organizado	4,5	5,5	6,3
Con compañeiros de traballo	0,7	1,3	0,8

Tipos de aloxamento utilizado

Hotel	11,7	11,1	10,4
Hostal	16,6	-	-
Pensión/albergue privado	55,8	38,0	37,7
Familiares	1,3	0,6	0,3
Casa rural	4,4	3,3	3,4
cámping	4,4	1,3	1,5
Albergue público	87,4	84,7	81,9

GASTO REALIZADO	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
-----------------	-------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Gasto medio diario

Gasto medio realizado (€)	27,0	25,9	26,7
Aloxamento	8,8	8,0	8,6
Restauración	16,7	15,4	16,4

Gasto medio segundo a procedencia

Españóis	29,9	27,1	28,1
Estranxeiros	23,4	24,9	25,0

DISTANCIA MEDIA PERCORRIDA	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
----------------------------	-------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Distancia (Km)

A pé	25,5	25,4	25,1
Bicicleta	74,3	74,1	73,5
A cabalo	-	45,0	45,0
Cadeira de rodas	-	-	25,0

CHEGADA Á META: SANTIAGO DE COMPOSTELA	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
-----------------------------------------------	----------------------------------------	----------------------------------------	----------------------------------------

Noites en Santiago

Ningunha	18,0	14,3	17,1
Unha	34,1	34,6	37,5
Dúas ou tres	40,4	46,3	41,7
Máis de tres	7,5	4,8	3,7

Rituais que realiza na Catedral

Abrazo ao Apóstolo	73,8	71,0	72,1
Croques	33,6	-	-
Pousar as mans na columna do Parteluz	54,0	-	-
Visitar a cripta do sartego	62,7	66,8	63,7
Ir a misa	86,6	88,2	87,7
Confesarse e comungar	28,8	31,3	27,9

Coñecemento do significado

Si	82,9	78,8	78,9
Non	17,1	21,2	21,1

Recolleu ou vai recoller a Compostela

Si	94,3	79,7	84,8
Non	5,7	5,1	4,1
NS/NC	-	15,2	11,1

Medio de transporte para volver ao lugar de orixe

Autobús de liña regular	19,4	18,6	20,4
Autobús contratado	2,8	4,8	4,6
Tren	25,5	26,3	23,4
Avión	46,2	46,9	47,8
Vehículo propio	13,1	11,2	11,7
Automóbil de aluguer / Taxi	4,0	2,5	2,0
Bicicleta	1,2	1,1	-
Outros	2,5	2,4	-

Continúa o Camiño ata Fisterra – Muxía

Si	32,8	32,5	29,7
Non	64,8	63,1	65,3
NS/NC	2,5	4,4	5,0

GRAO DE SATISFACCIÓN	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008	Xaneiro - decembro 2009
----------------------	-------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Considera o Camiño un produto turístico atractivo

Si	86,9	84,4	84,5
Non	7,6	8,7	7,8
NS/NC	5,5	6,9	7,7

Recomendaría a viaxe

Si	94,6	94,0	93,5
Non	2,1	1,9	1,8
NS/NC	3,3	4,1	4,7

Repetiría a viaxe

Si, con seguridade	44,8	42,0	43,4
Probablemente si	37,6	37,9	36,4
Probablemente non	11,2	13,5	12,8
Non, en ningún caso	2,1	2,9	2,3
NS/NC	4,3	3,7	5,2

Valoración elementos do Camiño de Santiago *

	Media 2007	Media 2008	Media 2009
Conservación do patrimonio histórico-artístico	7,3	7,2	7,3
Calidade do contorno natural e paisaxístico	7,8	7,9	7,9
Oferta de aloxamento	6,7	6,9	6,9
Restauración e Gastronomía	7,1	7,2	7,2
Oferta cultural e de espectáculos	5,9	6,3	6,1
Sinalización dos lugares de interese	6,6	6,9	6,9
Sinalización da ruta	7,4	7,6	7,6
Oficinas de información	6,1	6,3	6,3
Oferta comercial	6,2	6,4	6,3
Limpeza dos tramos	6,4	6,5	6,4
Sensación de seguridade	7,7	8,0	7,9
Hospitalidade / Amabilidade da poboación local	7,8	8,0	7,9
Estado das fontes	6,6	6,8	6,7
Valoración global	7,5	7,7	7,6

* 1: *Moi mal*; 10: *Moi ben*

Valoración dos albergues *

	Media 2007	Media 2008	Media 2009
Confort/comodidade	5,8	6,6	6,6
Servizo e atención do persoal	6,0	6,8	6,8
Limpeza e hixiene do establecemento	5,4	6,4	6,6
Aparcamentos para bicicletas	6,0	6,8	6,4
Espazos reservados para cabalos	5,8	5,6	5,2

* 1: *Moi mal*; 10: *Moi ben*